

ACTIVIDADES DE TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS E DE VIAXEIROS,

Resolución do 18 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros.

Prazos e probas e que se convocan para o ano 2010:

Nº convocatoria	Datas das probas	Prazo solicitudes
primeira	Sábado, domingo ou festivo, entre o 24 de abril e o 6 de xuño de 2010.	Rematará o 8 de marzo de 2010.
segunda	Sábado, domingo ou festivo, entre o 24 de outubro e o 28 de novembro de 2010.	Do 2 ao 20 de agosto de 2010.

Taxas: 21,40 €

Requisito:

Para poder participar nas probas de capacitación será preciso ter residencia habitual en Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para tales efectos, presumirase que a residencia habitual do aspirante se atopa no lugar en que figure o seu domicilio no documento nacional de identidade en vigor; só se admitirá que o domicilio sexa distinto ao que apareza no referido documento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

-Que o aspirante acredite que tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, durante cento oitenta e cinco (185) días naturais do último ano, contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios.

-Que o aspirante acredite que, sen cumprir o requisito do punto anterior, se viu obrigado por razóns familiares ou profesionais a cambiar a súa residencia en Galicia; non obstante, non se entenderá cumprida esta exixencia nin cando se trate de estadias temporais nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada, nin cando se trate de supostos de asistencia a unha universidade, escola ou centro docente.

Mais información:

[Diario Oficial de Galicia nº 33 do xoves, 18 de febreiro de 2010.](#)

formacion.transportes@xunta.es 981 544 389 e 981 544 585

Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999 (Áreas de coñecemento que regulan estas probas)